



MANUAL DO USO DAS COMPOSTEIRAS

Para que o compost poida formarse de forma continua e estable, debemos botar a materia orgánica formando capas. unha das capas debe estar composta por materia seca: ramas, cascas de froitos secos, labras de madeira, follas de árbores...

estas capas secas vanse alternando con outras de materia húmida: cascas de ovo, mazá, peladuras de plátano, follas de leituga, pousos de café, restos de infusións, algo de terra...

Na primeira capa podemos poñer varias ramas grandes outros dous de madeira para que poida facilitar a aireación. Se engadimos algunhas miñocas ou algo de terra podemos xerar un compost de maior calidade. Isto é debido a que se achegarán miles de fungos e bacterias que axudan na descomposición da materia orgánica.

Non debemos botarlle restos de cabichas de cigarro, restos de cítrico, ósos, cinzas de carbón, carne, restos de poda que conteñan fertilizantes químicos, excrementos de animais e plásticos, que poden imposibilitar a formación dun compost de calidade.

A composteira debe estar cuberta para manter un certo grado de humidade e a temperatura entre os 35 e 55 grados para a fermentación. O proceso é lento, o recipiente deberá estar cuberto, con alta humidade e temperatura durante tres o catro meses.

Para saber se o proceso está a ir ben, bastan con cheiralo, se está demasiado húmido cheirará a podrecido; entón podemos engadir materia seca e deixar que airee un pouco, se cheira a amoníaco, engadiremos folla secas porque hai demasiada mestura húmida.

Se está demasiado seco, podemos botar auga ou engadir materia húmida. Ao espremeo deben saír unhas pingas.

Debemos revolverllo cada certo tempo. O abono acumularase ao fondo da composteira. Se está totalmente listo para usarse, non deben recoñecerse nada do que botastes excepto algúns anacos de ramas, e debe cheirar a terra natural ao recollelo.

Se continuamente estás a xerar compost co novas capas de materia orgánica, a composteira poderá ter un fluxo de compost constante a pesar do largo proceso de fermentación.